



KANBAHIOTA

CULTUR
ACTIVA

Kanbahiota, un motor para o espectáculo

Kanbahiota significa reviravolta en brasileiro. Dende o seu nome até a súa esencia, todo pasa polo movemento. Dende o ano 2002, esta compañía fai do aire o seu escenario. Aprópianse do vento nas prazas e do ambiente no teatro. Calquera recinto é perfecto para acoller o seu característico talento e as súas depuradas técnicas aéreas.

O circo, o teatro, a música. Tamén os malabares e a danza. Por suposto, a acrobacia. Todos estes elementos conforman a súa caixa de ferramentas. Porque son artesáns do espectáculo. As súas montaxes, rechamantes e atractivos, caracterízanse polo humor e o impacto que producen as súas actuacións no público.


Ao longo dos seus trece anos de vida, a compañía fraguouse unha traxectoria brillante grazas á súa diversificación, esforzo e talento. A súa actividade artística comprende dende a animación nas rúas até os grandes espectáculos, pasando por pezas de danza, desfiles, actuacións aéreas ou instalacións creativas. Sen esquecer as sesións formativas e os obradoiros que imparten para todo tipo de público e idades.



Kanbahiota, polo tanto, é unha compañía no sentido máis amplo e enriquecedor da palabra. É unha estrutura complexa, un motor artístico ben engraxado que lles brinda aos distribuídores e ao público un lote sen fin de oportunidades.

Para a animación de eventos, festas ou pasarrúas, Kanbahiota ofrece diferentes posibilidades e combinacións. Equilibristas, zancudos, monociclistas, trapecistas, contorsionistas, magos ou músicos entran no seu catálogo. A elección determina o tipo de espectáculo que se amosa. A compañía propón diferentes temáticas, pero se pode adaptar ao gusto do respectable.

No ámbito da formación, Kanbahiota ofrece cursos e obradoiros dirixidos para todos os públicos. Os membros da compañía son os encargados da docencia e todos eles contan con gran experiencia no campo, xa que dispoñen do título de monitor de circo e actualmente traballan dando clases na Escola Municipal de Circo de Alcorcón (EMCA), en obradoiros de circo para o Concello de Rivas Vaciamadrid e na Escola de Circo Carampa.



¡Vaya Circo!

O espectáculo debe continuar. É a máxima do artista, o lema clásico das artes escénicas. A función é todo, ao público non se lle pode defraudar. E no circo, o maior espectáculo do mundo, todo debe saír perfecto baixo a carpa... Polo menos, saír! E ese é o dilema co que se atopan os protagonistas de *¡Vaya Circo!* “*Saír ou non saír*”. Sen trapecistas nin malabaristas nin acróbatas nin equilibristas... Falta todo o elenco, fuxiron os artistas e as tres personaxes que saen a escena sopran pola anguria de perder unha función. Malia todo, non se renden: o espectáculo –é lei de vida- debe continuar.

Sen rede, saltan ao baleiro. O trío protagonónico convértese nas tres patas para unha mesa que deberá sustentar este circo abandonado diante do público. Serán eles os que, en clave de humor, tomen o mando sobre as táboas. Serán eles os que loiten cos trapecios, os que intenten xirar polo aire sobre as cordas, os que teñan que burlar a gravidade cos malabares. Cada problema é un reto. Cada nova proba, unha gargallada do público. O seguinte número, unha aprendizaxe. Durante cincuenta minutos, os tres artistas improvisados sacan adiante a función empregando



elementos novidosos e espectaculares: aéreos, portes coreanos, mastro chino, aro Cyr... Todas estas pezas construírán un puzle único para os espectadores, que se sorprenderán con cada reviravolta que dea a historia dun circo disparatado... Porque ao final Kanbahiota significa iso: reviravolta. E unha reviravolta non é máis que vivir coa sonrisa na boca para superar cada xiro inesperado deste mundo.

Abraham Pavón, Rosina Castelli e Anselmo Lobeño son os tres intérpretes da peza. As técnicas que se empregan van dende o clown aos aéreos, pasando por Aro Cyr, mastro chino e as acrobacias. O público e a crítica apoiaron esta montaxe dende os seus inicios, demostrando os recoñecementos do Premio do Público Festiclown San Fernando 2014 e o Premio Público Guay Guadalajara 2014



Outros espectáculos



“ENAMORADOS DEL AIRE”

Coma se fose un conto de dragóns, dous ananos rin, bailan e sobre todo soñan con voar e permanecer no aire. *Enamorados del Aire* mostra a relación de amor e xogo entre eles e os seus dragóns. As súas torpezas, habilidades e destreza polos aires xorden na escena. Un número cunha técnica áxil e dinámica e un contido metafórico; onde se mestura o aire, as técnicas de circo de acrobacia aéreas e monicreques de dragóns para realizar un espectáculo para toda a familia.



“COQUETTE”

Trátase dun espectáculo de aéreos protagonizado por Rosina Castelli e Abraham Pavón que chegan unha nova proposta de acrobacias aéreas con impresionantes rutinas de trapezio e aro. Todo isto sen esquecer o humor e o clown, que acompañan a espectacularidade dos números da troupe de Kanbahiota.





KANBAHIOTA

Contratación:



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836